

# As Revoltas Árabes e a rexión do Golfo: a mudanza imperceptible?

*Ignacio Gutiérrez de Terán*

## *Introdución*

---

Desde xaneiro de 2011, os países árabes asisten a unha serie de convulsións sociais que, nalgúns casos, depararon a caída de presidentes que se instalaran desde facía décadas no poder e, noutros, propiciaron mudanzas políticas de diverso calado. Desde a Mauritania ao Iraque, as manifestacións e mobilizacións populares converterónse nunha práctica habitual e contribuíron a converter a chamada “Primavera Árabe” nun asunto de máxima actualidade internacional.

Con todo, na Península Arábiga, fóra do Iemen e o Bahrein, o impacto deste movemento de protesta e ansia de reformas foi relativo. E iso a pesar de que os índices de liberdade de expresión e participación política son, no mellor dos casos, tan reducidos como os existentes noutros Estados onde as revoltas lograron, caso da Tunisia, o Exipto e a Libia –neste último caso, por medio dun conflito bélico con participación occidental- depor os seus máximos dirixentes e inaugurar un proceso de transición de fin aínda incerto. Ou, como na Siria, pór contra as cordas o réxime de Bachar al-Asad.

Neste artigo trátanse de explicar, coa maior concisión posible, as razóns que contribuíron a illar, até agora, as monarquías e emiratos do Golfo desta corrente de mudanza xeneralizada<sup>(1)</sup>. Con certeza, non se debe descartar a urxencia dun movemento organizado e progresivo de revolta, máxime se as “revolucións” en curso en países cun claro potencial de influencia naqueles, como o Iemen ou a Siria, conseguen triunfar.

Precisamente, o perigo do contaxio impulsou os Estados do Golfo con maior peso específico a adoptar medidas internas que van na liña de tranquilizar o latente estado de malestar perceptible en amplas capas sociais. Ao tempo, leva a cabo unha estratexia de reacción activa no plano exterior para neutralizar ou canalizar, segundo os casos, a tendencia expansiva das revoltas e minimizar os seus efectos. Partindo do anterior, podemos comprender a decidida participación de gobernos como o do Qatar ou os Emiratos Árabes no sustento dalgunha destas revoltas, v.g. a do pobo libio, e, en paralelo, a adopción dunha expeditiva estratexia de choque para favorecer xustamente o contrario no plano doméstico.

---

(1) Lembremos que, desde o punto de vista estritamente xeográfico, a denominada rexión do Golfo engloba todos os Estados da Península Arábiga, con excepción do Iemen, que non ten saída ao mesmo, máis o Iraque e o Irán. Aquí centrámonos só nas 6 monarquías, emiratos e sultanato (por orde de tamaño e volume de poboación: a Arabia Saudita, os Emiratos Árabes Unidos, o Omán, o Kuwait, o Qatar e o Bahrein) que conforman o Consello de Cooperación do Golfo. Con todo, ao longo do texto, farase mención ao expediente iemenita polo efecto da súa situación interna na estabilidade rexional.